



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NEGREIRA

*Bases da convocatoria para a cobertura de 1 praza de técnico/a de turismo, con carácter temporal, para a oficina de turismo do Concello de Negreira*

#### ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía deste Concello de Negreira número 161/2021, de data 12 de maio de 2021, aprobáronse as seguintes:

#### **BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO CON CARÁCTER TEMPORAL PARA A OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE NEGREIRA**

##### **Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto desta convocatoria é realizar a contratación laboral temporal de dun/ha Técnico/a de información, publicidade e promoción turística a través de concurso - oposición, de conformidade co disposto no RDL 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, no Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e nas demais disposicións de pertinente aplicación, con suxeición ás seguintes condicións:

- Denominación: Técnico/a de información turística
- Natureza do contrato: laboral temporal
- Modalidade: obra ou servizo determinado
- Duración: 5 meses
- Funcións: as propias desta categoría profesional no Concello de Negreira e concellos asociados, entre outras as seguintes:
  1. Información puntual e actualizada do estado do camiño de Fisterra.
  2. Información puntual da ocupación nos aloxamentos, hoteis e albergues do camiño e en concreto dos tres concellos participantes (A Baña, Negreira e Val do Dubra).
  3. Información de todo "Xeodestino", así como información turística de toda a provincia de A Coruña.
  4. Información da previsión meteorolóxica, así como dos lugares de interese turístico a visitar nos 3 Concellos, rutas de sendeirismo, rutas a cabalo, patrimonio paisaxístico e relixioso, oferta gastronómica...
  5. Xestión e mantemento da caseta de información turística.
  6. Elaboración de guías e planos axustados ás necesidades dos peregrinos.
  7. Distribución do material con información turística aos/ás peregrinos/as e actualización do referido material.
  8. Elaboración de informes estatísticos dos peregrinos que pasen pola caseta de información turística.
  9. Promoción de actividades culturais e de ocio dos 3 Concellos participantes: feiras, festas, actividades culturais e deportivas, exposicións...
  10. Organización e promoción de actividades turísticas nos 3 Concellos.
  11. Deseño de novas rutas e novos espazos de interese turístico, dos 3 Concellos.
  12. Participación en seminarios de formación en temas relacionados co turismo que puidera impartir a Deputación da Coruña, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos prestados.

Así mesmo, utilizarase a lingua galega na prestación do servizo (rótulos, documentos, paneis,...) así como o resto das linguas que se consideren oportunas para mellorar a calidade do mesmo.

A xornada de traballo será partida de luns a sábado e só de mañá o domingo. Este horario queda suxeito ás necesidades do servizo, cumpríndose en todo caso os tempos de descanso e días libres establecidos legalmente, e tendo en conta que este horario poderá ser modificado atendendo as necesidades do servizo, e as novas circunstancias epidemiolóxicas derivadas do Covid-19.

#### **Segunda.- Procedemento de selección.**

Será o de concurso-oposición, mediante a valoración dos criterios que posteriormente se establecen, e a realización das probas que así mesmo se indican.

O proceso de selección consistirá nunha FASE DE CONCURSO, onde se valorará a formación ea experiencia profesional do candidato/a presentada por Rexistro de entrada tal e como establece a base sexta das presentes bases. Nesta fase de concurso establécese unha puntuación máxima de 10 puntos, desglosadas da seguinte forma:

1.- Por servizos prestados da mesma natureza do que é obxecto destas bases ata un máximo de 4 puntos:

- 0,30 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

2.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de 2 puntos:

- De máis de 100 horas: 0,75 puntos.

- De máis de 70 horas ata 100 horas: 0,50 puntos.

- De máis de 40 horas ata 70 horas: 0,35 puntos.

- De 20 horas ata 40 horas: 0,20 puntos.

Non se valorarán cursos cunha duración inferior a 20 horas.

3.- Por posuír outra titulación académica da requirida para a praza e relacionada coa mesma, computándose unicamente o título de maior nivel dos acreditados, máximo 1 punto:

- Título de Doutoramento : 1 punto.

- Título de Grao universitario: 0,75 puntos.

- Título de Técnico Superior: 0,50 puntos.

4.- Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. máximo 1 punto:

- Celga 3: 0,50 puntos.

- Celga 4: 1 punto

5. Polo coñecemento e a acreditación dun idioma estranxeiro sempre e cando esté homologado por unha escola de idiomas ou sexa un título oficial de idiomas, valorarase da seguinte maneira, como máximo establécese 2 puntos:

- Nivel B1; 1 punto.

- Niveis superiores a B1: 2 puntos

No que respecta á FASE DE OPOSICIÓN establececese unha puntuación máxima de 15 puntos. A proba consistirá dun exame o cal se establecerá no momento en que se dicte por resolución de Alcaldía a listaxe definitiva de admitidos/excluídos ó proceso, en ese acta publicarase o DIA ea HORA para a realización da devandita proba.

A proba escrita consistirá nun exame tipo test de 20 preguntas, cunha única valorado en 10 puntos e tamén 2 preguntas a desenvolver valoradas cada unha delas en 2,50 puntos. O temario da devandita proba consistirá no coñecemento dos Concellos de Negreira, da Baña e Val do Dubra. A planificación do departamento de turismo dos concellos participantes, coñecementos do Camiño de Santiago/ Camiño a Fisterra, coñecementos do patrimonio paisaxístico, natural e cultural dos concellos participantes, tradicións, festas populares e gastronomía dos concellos participantes, oferta turística local dos concellos participantes, dinamización do departamento de turismo dos 3 concellos, coñecemento e manexo de redes sociais e páxinas web, coñecementos de marketing turístico, coñecemento e interpretación de datos estatísticos, elaboración de enquisas ó visitante e ó peregrino.

#### **Cuarta.- Requisitos.**

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.

d) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias), do título académico de formación profesional recollidas na Base 3, do BOP N°217 do viernes 18 de decembro de 2020.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. (Este informe presentarase no caso de que o candidato/a resulte seleccionado definitivamente).

f)\_Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Figurar como inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

g) Posuír permiso de conducir, xa que esta contratación está suxeita ó desprazamento a outros dous concellos.

A participación neste programa non supondrá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e o Concello promotor do mesmo.

#### **Quinta.- Publicidade.**

Todas as resolucións derivadas do expediente, serán publicadas a través das páxinas web dos concellos participantes e tamén no taboleiro de anuncios do concello promotor.

#### **Sexta.- Presentación de instancias.**

1. As persoas interesadas presentarán unha solicitude dirixida ao alcalde do Concello de Negreira (modelo ANEXO I) na que farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base cuarta desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo para presentar solicitudes, así coma a documentación xustificativa dos méritos de ser o caso.

As citadas solicitudes presentaranse durante o prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no BOP

As instancias presentánsense no rexistro do Concello de Negreira ou a través de calquera dos sistemas previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso, os/as participantes deberán comunicalo mediante aviso do xustificante de envío da solicitude o correo electrónico do concello (concello@concellodenegreira.es) durante o mesmo prazo que o de presentar solicitudes; o prazo rematará ás 14:00 horas do último día vixente.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se considere para todos os efectos.

2. Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, de maneira ineludible, a seguinte documentación:

– A fotocopia do DNI.

– A fotocopia da titulación esixida na base 4.<sup>a</sup>, letra d) desta convocatoria.

– Xustificantes do cumprimento dos puntos e), f) e g) da base 4.<sup>a</sup>. Para xustificar o punto f) poderase empregar o ANEXO II que figura en estas bases. E para a comprobación do punto g) bastará con entregar asinado o ANEXO III que figuran a continuación a estas bases.

O punto e) solo é obrigatorio presentalo cando o candidato ou candidata sexa proposto para a súa definitiva contratación.

Ademais e a efectos de baremación, as persoas aspirantes poderán xustificar os méritos obxecto de valoración coa seguinte documentación, a saber:

- Certificado de servizos prestados onde conste a categoría profesional e a duración deste así como o tipo de xornada. No seu defecto, contrato de traballo e vida laboral actualizada a data de presentación da instancia.(Só se valorará si se presentan estes dous documentos).

- Cursos homologados relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira impartidos pola Administración pública, universidades, centros públicos ou concertados, organismos oficiais e demais formación homologada.

- Titulación académica de nivel superior á requirida para a praza e relacionada coa mesma.
- O certificado de lingua galega, expedido polo organismo oficial para o efecto, ou o título acreditativo expedido pola entidade académica para tal fin.
- Cursos de idiomas, expedidos por escolas oficiais de idiomas ou por outros organismos acreditados para tal efecto que garantan que sexa un título oficial de idiomas.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras comunidades autónomas do Estado español ou doutros países, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, ou debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Ao presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, entenderase que os/as participantes aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non se admitirá a presentación de documentación presentada posteriormente ó prazo establecido para a devandita convocatoria, do mesmo xeito tan só se aceptará a documentación enviada por as canles descritas no presente punto.

#### **Sétima.- Admisión de candidatos/as.**

Recibidas as solicitudes, procederase, por resolución da Alcaldía a ditar a listaxe provisional de admitidos e excluídos no proceso. No caso de alegacións, os candidatos excluídos provisionalmente contarán co prazo de 2 días hábiles para a presentación de documentación ou enmenda da mesma. Unha vez expirado o devandito prazo procederase a ditar Resolución de Alcaldía aprobando a listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso.

Esta resolución publicarase na páxina web dos concellos participantes e tamén no taboleiro de anuncios do Concello promotor.

Nesa listaxe definitiva fixarase a DATA e HORA para a realización da proba escrita.

O Tribunal, unha vez realizada as probas escritas publicará os resultados provisionais das fases de concurso e de oposición, no taboleiro de anuncios do Concello promotor e na páxina web dos concellos participantes, establecéndose na devandita publicación un prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación, para interpor calquera recurso ou reclamación antes de proceder a publicar os resultados definitivos das devanditas fases, concurso e oposición no taboleiro de anuncios do concello promotor e nas páxinas webs dos concellos participantes.

No caso de empate das puntuacións totais/finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego;
- 2º. Maior antigüidade en situación de desemprego
- 3º. A maior puntuación obtida na fase de oposición,.

Os candidatos propostos para súa contratación serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso e a fase de oposición tendo en conta que non se poderán propor para a contratación maior número de persoas que o número de prazas ofertadas.

Non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo Tribunal presente, no prazo de dous días hábiles dende a publicación na páxina web dos concellos participantes e no taboleiro de anuncios do concello promotor a acta definitiva do Tribunal, a seguinte documentación:

a) Certificado ou informe médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do Tribunal, tendo en conta o prazo máximo da contratación que será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

#### **Oitava.- Tribunal de selección.**

O tribunal cualificador estará composto por:

- Presidenta: Sonia Ponte Esturao, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.

- Secretaria: Ana Lucía Calviño Canedo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Val do Dubra.
- Vogal: Maria Dolores Landeira Liñares. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Baña.
- Vogal: Marcos Pérez Lourido. Técnico de Cultura e Deportes do Concello de Negreira.
- Vogal: Álvaro Lira Gorgal, Técnico de Cultura e Deportes do Concello de Negreira.

O tribunal non poderá actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia da presidenta e da secretaria.

O tribunal poderá dispoñer que se incorporen asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán a exercer as súas especialidades técnicas con base exclusivamente nas cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non expresado nestas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias contidas no artigo 28 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, e notificarllo á autoridade convocante. Asemade, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

Para os efectos de que os membros concorrentes ás sesións dos tribunais perciban asistencias, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

#### **Novena.- Lista de reserva**

Os/as candidatos/as que non obtiveron praza quedarán nunha listaxe de reserva, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta lista de agarda servirá para substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia desta contratación, anualidade 2021.

#### **Décima.- Formalización do Contrato.**

Os contratos formalizaranse por escrito co aspirante seleccionado. Mentres non se formalice o contrato, o aspirante proposto non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha.

#### **Onceava.- Interpretación**

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas e en todo o referente á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

#### **Doceava.- Normas finais**

Para todo o non previsto nestas bases ou no que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no RDL do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de administración local de Galicia, na Lei de medidas para reforma da función pública, no texto refundido da Lei de función pública de Galicia, no Real decreto 896/1991 sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real decreto 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da administración do estado, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Mediante a participación no referido proceso, os/as titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos/as, a cualificación de probas e avaliación dos/as candidatos/as, así como a provisión de postos e confección da lista de reserva.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios e páxina web deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

## ANEXO I

## MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE INFORMADOR/A TURÍSTICO

DNI: \_\_\_\_\_

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Negreira do devandito programa.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

- DNI.
- Permiso de conducir.
- Cursos de galego CELGA ou equivalente
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación base cuarta, punto d).
- Documentación acreditativa, base cuarta, punto f) ou ANEXO II.
- Documentación acreditativa inscrición SEPE (darde) ou ANEXO III para a súa comprobación
- Documentación fase concurso, base sexta.
- Outra documentación.

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. En Negreira, ..... de ..... de 2021.

(SINATURA).

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA**

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

## ANEXO II:

## DECLARACIÓN XURADA

Eu, D. \_\_\_\_\_ con DNI; \_\_\_\_\_

## DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Que reúne cos requisitos desta convocatoria e que son os sinalados na base 4 das bases que rexen a presente convocatoria.

En Negreira, ..... de ..... de 2021.

(SINATURA).

## SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

## ANEXO III

## AUTORIZACION

Eu. D. \_\_\_\_\_ con DNI; \_\_\_\_\_

AUTORIZO, Ó SERVIZO LOCAL DE EMPREGO DO CONCELLO DE NEGREIRA, PARA QUE COMPROBE OS DATOS DA MIÑA DEMANDA DE EMPREGO NO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO GALICIA.

En Negreira, ..... de ..... de 2021.

(SINATURA).

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA**

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

Negreira, 12 de maio de 2021.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2021/4083